

BASES Verán CampUSC 2015 – CEIP PÍO XII

O programa Verán CampUSC 2015 está concibido como unha actividade deportiva, cultural, socioeducativa e de lecer, desenvolta no período de verán para permitir a pais e nais conciliar a vida laboral e familiar neste período.

Este programa está organizado pola Fundación USC Deportiva a solicitude da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social da USC. Colaboran o Servizo de Deportes da USC, a Oficina de Igualdade de Xénero e a Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco.

Neste proxecto amosarémolle aos participantes as bases dunha importante cantidade de xogos e deportes, atendendo as súas idades e desenvolvemento psíquico-físico. A práctica de actividades físico-deportivas non é boa só a nivel de saúde senón tamén para inculcar dun xeito lúdico os valores de disciplina, esforzo, dedicación e respecto ás normas que sen dúbida resultarán de utilidade para a vida cotiá.

DESTINATARIOS/AS

O presente convenio está dirixido a nenos e nenas entre 3 e 13 anos de idade ¹, alumnos do CEIP Pío XII.

HORARIO E LUGAR DO PROGRAMA

O programa terá o seguinte horario:

Luns a venres de:

- 08:45 h. a 14:30 h.

E as quendas seguintes:

- 1ª: Do 22 ao 30 de xuño de 2015

¹ Os nenos/as de 3 anos deberán telos cumpridos no momento de comezar na actividade.

- 2ª: Do 1 ao 10 de xullo de 2015
- 3ª: Do 13 ao 24 de xullo de 2015
- 4ª: Do 27 ao 31 de xullo de 2015
- 5ª: Do 1 ao 8 de setembro de 2015 ²

O programa Verán CampUSC 2015 desenvolverase no Campus Vida de Santiago de Compostela nas instalacións deportivas da USC ou noutras acordadas segundo as actividades planificadas. A organización dos grupos dependerá do número de nenas e nenos inscritos/as.

Establécese como lugar de chegada e saída dos participantes o Pavillón Polideportivo Universitario.

O programa dará comezo ás 08:45 horas, e rematará ás 14:30 horas, polo que a responsabilidade do control e coidado dos participantes polos monitores/as responsables comprenderá esa franxa horaria.

NÚMERO DE PRAZAS

O CEIP Pío XII contará con 10 prazas reservadas por quenda. Unha vez rematado o prazo de inscrición, estas prazas reservadas non cubertas pasarán a estar a disposición do público xeral. Igualmente, as prazas reservadas ao público xeral que aínda estean dispoñibles, poderán ser cubertas polos alumnos do Pío XII.

PREINSCRICIÓN

Dende o **27 de abril ao 10 de maio** de 2015 estará aberto o **período de preinscrición**. A preinscrición farase cubrindo o cuestionario establecido a tal efecto na páxina web da Fundación: www.fundacionuscdeportiva.org. En caso de haber máis solicitudes por quenda que prazas dispoñibles, as prazas outorgaranse por orde de preinscrición formando unha lista de agarda coas preinscricións restantes.

IMPORTANTE: No formulario de inscrición, ao lado do nome do neno/a, debe figurar a palabra PÍO XII. No caso de non facelo, a inscrición non será tida en conta como de persoa beneficiaria deste convenio.

O **12 de maio**, como data límite, publicaranse as **listas de admitidos/as en cada quenda** na web da Fundación USC Deportiva e no seu taboleiro de anuncios.

² A data definitiva de remate desta quenda adaptarase unha vez sexa aprobado calendario do curso escolar 2015-16 en Educación Infantil e Primaria.

No caso de que a partir do 12 de maio queden prazas libres das ofertadas ao público xeral, os alumnos do CEIP Pío XII poderán continuar beneficiándose dos prezos establecidos no presente convenio.

INSCRIPCIÓN

Os admitidos e admitidas no período de preinscrición poderán formalizar a súa praza efectuando o pagamento dende o momento da publicación das listas **ata o 24 de maio**. No caso de que o número de preinscricións nalgunha quenda fose inferior ao máximo establecido na actividade, quedará aberto tamén neste momento o prazo de inscrición para quen non teña feita preinscrición, ata cubrir as prazas vacantes.

Os inicialmente admitidos no período de preinscrición que non formalicen a praza antes do 24 de maio, perderán a súa reserva de praza e só poderán inscribirse posteriormente no caso de que aínda houbera prazas libres.

Formas de formalización da inscrición

As persoas que teñan feita a preinscrición non deberán cubrir o formulario de inscrición, independentemente de que a fagan de forma presencial ou a través da páxina web.

a) Páxina web: A través da páxina web da Fundación USC Deportiva poderá cubrir e enviar o formulario de inscrición e efectuar o pagamento online da cota correspondente atendendo ao número de nenos/as que inscriba e as quendas ás que asistan. Unha vez feito isto, haberá que entregar a seguinte documentación:

- Fotocopia da tarxeta sanitaria do neno/a
- Fotocopia do DNI do neno/a (se ten)
- Autorizacións asinadas conforme modelo que estará a disposición do público na páxina web da Fundación USC Deportiva: www.fundacionuscdeportiva.org
- Unha fotografía tipo carné co nome do rapaz/a escrito pola parte traseira

Esta documentación deberá entregarse na sede da Fundación USC Deportiva, ben de maneira presencial, por correo postal ou escaneada, **polo menos unha semana antes do primeiro día de asistencia** do rapaz/a ao Verán CampUSC, como data límite.

b) Presencial: Descargue da nosa páxina web o formulario de inscrición (salvo que xa teña cuberto o formulario de preinscrición) e as autorizacións en PDF. Cúbraos e entrégueos xunto ao xustificante do pagamento nalgunha das contas bancarias e o resto da documentación na sede da Fundación.

Contas bancarias onde realizar o pagamento:

Caixa Rural Galega: IBAN: ES82 3070 0035 2660 6938 4920

Novagalicia Banco: IBAN: ES07 2080 0388 2730 4000 0932

Documentación que se deberá entregar facendo a inscrición de maneira presencial:

- Folla de inscrición, que estará a disposición do público na páxina web da Fundación USC Deportiva: www.fundacionuscdeportiva.org
- Resgardo de ter aboado o custo do programa
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do neno/a
- Fotocopia do DNI do neno/a (se ten)
- Autorizacións asinadas conforme modelo que estará a disposición do público na páxina web da Fundación USC Deportiva: www.fundacionuscdeportiva.org
- Unha fotografía tipo carné co nome do rapaz/a escrito pola parte traseira

IMPORTANTE (para o pago online ou presencial): No concepto do ingreso bancario deberá aparecer o nome e apelidos do rapaz/a, así como as quendas nas que se inscribe utilizando os seguintes códigos e a palabra PÍO XII:

Do 22 ao 30 de xuño	XUÑ
Do 1 ao 10 de xullo	XUL1
Do 13 ao 24 de xullo	XUL2
Do 27 ao 31 de xullo	XUL3
Do 1 ao 8 de setembro	SET

Por exemplo: XOSÉ PÉREZ PÉREZ XUL2 XUL3 PÍO XII

A sede da Fundación USC Deportiva está no **Edificio FEUGA (despachos 2 e 3), Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n, 15705 Santiago de Compostela.**

O correo electrónico ao que enviar a documentación escaneada é: **contacto@fundacionuscdeportiva.org.**

A documentación poderá ser entregada de luns a venres de 9:00 a 15:00 horas. Ata o 30 de xuño poderase entregar tamén de luns a xoves de 16:00 a 19:00 horas.

A Fundación USC Deportiva poderá solicitar a confirmación do CEIP Pío XII de todas aquelas persoas que indiquen ser alumnos e alumnas deste centro.

CUSTO DO PROGRAMA

- **Custo por quenda e irmáns**

Os prezos especiais por varias quendas ou varios irmáns **só se aplicarán cando se fagan nunha única inscrición**. No caso de inscribirse a unha quenda e posteriormente a outra, non se aboará a diferenza, senón o prezo completo de ambas quendas. Aplicarase o mesmo no caso de inscribir a varios irmáns.

CUSTO UNHA QUENDA	1 neno/a	2 nenos/as	3 nenos/as
22-30 xuño	84	155	222
1-10 xullo	112	206	296
13-24 xullo	140	258	370
27-31 xullo	70	129	185
1-8 setembro ³	84	155	222

PREZO VARIAS QUENDAS					1 neno/a	2 nenos/as	3 nenos/as
1ª	2ª	3ª	4ª	5ª			
X		X			208	383	549
	X	X			234	431	618
		X		X	208	383	549
X	X	X			306	563	808
X	X		X		247	454	652
X	X			X	260	478	686
X		X	X		273	502	721
X		X		X	286	526	755
X			X	X	221	407	583
	X	X	X		293	539	774
	X	X		X	306	563	808
	X		X	X	247	454	652
		X	X	X	273	502	721
X	X	X	X		369	679	974
X	X	X		X	382	703	1008
X	X		X	X	319	587	842
X		X	X	X	344	633	908
	X	X	X	X	369	679	974
CAMPAMENTO COMPLETO					412	758	1088

³ O prezo da quenda de setembro axustarase en función dos días de duración. Farase público o definitivo unha vez se coñeza a data de comezo do curso escolar 2015/16. De ser menor que o que figura, e no caso en que xa se tiveran feito pagos, reembolsarase a diferenza.

RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DE INGRESOS

As cantidades pagadas só serán devoltas cando non se poida utilizar o servizo por causa de forza maior non imputable ao interesado. Estas causas deberán ser debidamente xustificadas na solicitude de devolución que se formule, debendo achegar a esta os documentos xustificativos que en cada caso correspondan. Fóra destes casos, non se efectuarán devolucións das cantidades pagadas.

PROTECCIÓN E SEGURIDADE DOS DATOS

Todos os datos persoais que se facilitan serán tratados con estrita confidencialidade. En virtude da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslles que todos os datos que nos faciliten serán incluídos no/nos ficheiro/s para o seu tratamento coa finalidade de realizar o/os servizo/os por vostede contratados e para manterlle informado das novidades relacionadas con eles así como para a difusión de eventos ou actividades organizados pola Fundación. Vostede poderá exercitar os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación e Oposición dirixíndose por escrito a FUNDACIÓN USC DEPORTIVA, Edificio Feuga, Despachos 2-3, rúa Lope Gómez de Marzoa s/n, 15705 Santiago de Compostela.

ACTIVIDADES

A programación de actividades do Verán CampUSC 2015 contempla un amplo abano de actividades: actividades deportivas e de ocio e tempo libre planificadas atendendo a criterios psicopedagóxicos.

Algunhas das actividades deportivas que se desenvolverán son: piscina, deportes de raqueta, deportes de combate, psicomotricidade, deportes colectivos, orientación, acrosport, xogos predeportivos, xogos populares...

Dentro das actividades de ocio e tempo libre inclúense diferentes obradoiros con diferentes técnicas e materiais (modelaxe, pintura, recortables, papiroflexia...), cancións, xogos cooperativos, visitas a lugares significativos da cidade ou do seu contorno, etc.

Os horarios e a programación das actividades de cada queda faranse en función das idades dos nenos e da duración da queda, polo que non todos os rapaces ou en todas as quedas se farán as mesmas actividades.

A programación detallada publicarase na web da Fundación antes do comezo de cada queda.

A inscrición no programa supón a aceptación e o compromiso destas normas.